

# Carlos Servando MEMORIAL 2016

SALVAMENTO  
DEPORTIVO

10 de setembro

as 10:00

Piscina  
Carballo Calero  
e  
Praia de Razo

Carballo

Organiza



**SYSCA**



FEDERACIÓN DE SALVAMENTO  
Y SOCORRISMO DE GALICIA  
FESSGA



## PRESENTACIÓN

Coa súa primeira edición no ano 1992, o Memorial Carlos Servando é o evento pioneiro do salvamento deportivo en Galicia. Foi a primeira proba de salvamento que se celebrou na comunidade galega que recollía probas propias desta disciplina que, nese intre, non era tan coñecida coma nos tempos nos que estamos a vivir.

Esta proba nace dous anos despois da creación do club SYSCA, organizador da mesma. Nel militaban os socorristas que coidaban e vixiaban aos bañistas da praia de Razo, no concello de Carballo. Entre este grande grupo de profesionais e amigos estaba Carlos Servando, o cal faleceu trágicamente nun accidente de tráfico. Ante esta circunstancia os seus compañeiros quixeron rendirlle homenaxe ao seu traballo coma socorrista realizando un evento que, logo de moitos anos, segue a ter gran recoñecemento.

Damos este ano un novo carácter deportivo ao evento, coa premisa de conseguir que recolla os principios de axuda, colaboración, humanidade... e todo aquilo que vaia asociado a importante e esencial figura do socorrista acuático. É por iso que trocamos o aspecto individual e convertimos este memorial nunha **COMPETICIÓN DE PROBAS DE RELEVOS**.

Agardamos que este novo cambio axude a integrar ese aspecto esencial da colaboración e traballo en grupo para obter resultados óptimos, tanto a nivel deportivo coma persoal e para continuar exitosamente coas novas edicións do Carlos Servando.

**AGARDAMOS A TUA PARTICIPACION!**



Carlos  
Servando  
MEMORIAL 2016

# INSCRICIÓN

## REQUISITOS

Para poder inscribirse no Carlos Servando 2016 é imprescindible que cada participante dispoña da súa correspondente licenza de deportista FESSGA ou RFESS.

A organización resérvase o dereito de invitar a participar a calquera persoa que teña ou tivese relación directa co Club SYSCA ou coa organización de anteriores edicións do Carlos Servando aínda que non estea en posesión da licenza anteriormente mencionada. Neste eido tamén se inclúe ao equipo de socorrismo das praias de Razo e Baldaio.

## FORMALIZACION da INSCRICION e DATAS

A data e hora límite da inscrición será o venres 02 de setembro de 2016 as 12:00.

Para formalizar a inscrición cada responsable do club deberá enviar os arquivos en formato TXT (xerado a través do programa de inscricións RFESS) a dirección de correo electrónico [sysca.club@gmail.com](mailto:sysca.club@gmail.com).

A competición terá lugar o día 10 de setembro na piscina municipal Carballo Calero e na praia de Razo, Carballo. A hora de inicio está prevista para as 10:00. Posteriormente, porémonos en contacto cos clubs inscritos para especificar por qué modalidade comezaremos a mañá (piscina ou praia) e cal delas se fará pola tarde.

## CATEGORIAS

As categorías estableceranse segundo o reglamento da tempada 2015/2016 quedando da seguinte maneira:

### **XUVENIL (cadete + xuvenil)**

Deportistas nados entre 01/01/2000 e o 31/12/2003

### **ABSOLUTO (xunior + senior + máster)**

Deportistas nados o 31/12/1999 e datas anteriores.

\*Un deportista da categoría XUVENIL pode subir a equipos ABSOLUTOS. Un absoluto non pode baixar categoría. O deportista que participe nunha proba coma xuvenil non poderá facelo coma absoluto nesa mesma proba.

## LÍMITE por CLUB

Cada club poderá inscribir en cada proba como máximo a 3 equipos por categoría e sexo.



## PROBAS PISCINA

### 4x25 arrastre de manequín

Proba actual. Segundo reglamento RFESS.

### 4x50 obstáculos

Proba actual. Segundo reglamento RFESS.

### 4x50 tubo de rescate

Proba actual. Segundo reglamento RFESS (na revisión de Xaneiro/2014 aparece coma Relevo Combinado).

### 4x25 combinada de salvamento

Proba fóra de reglamento na actualidade. Realízase da seguinte maneira:

1ºRELEV.- 50 metros nado libre con aletas.

2ºRELEV.- 50 metros buceo con aletas. Non debe saír antes de que o primeiro relevista toque a parede ao voltar. Non pode saír a superficie para coller aire. Antes de subir deberá entregar ao terceiro relevista un manequín que se atopará afundido, en posición decubito supino e coa cabeza apuntando ao lado contrario a chegada final da proba (parte baixa do manequín pegada a parede).

3ºRELEV.- 50 metros remolque manequín sen aletas. O terceiro relevista estará agardando a que o seu compañeiro lle suba o manequín dende o fondo. Non pode soltar a parede ata que o boneco estea fóra da auga.

4ºRELEV.- 50 metros remolque manequín con aletas. Deberá manter contacto coa parede ata que o terceiro relevista toque a parede para pasarlle o manequín.

Non cumprir calquera destas dúas situacións supón a descalificación do equipo.

Todos os matices das saídas, relevo e remolque seguirán o reflectido ao respecto no Regulamento Técnico de Competición da RFESS.

# PROBAS PRAIA



## Relevo salvamento con tubo de rescate

Proba actual. Segundo reglamento RFESS.

## Rescate con táboa

Proba actual. Segundo reglamento RFESS.

## Relevo Triada

Proba fóra de reglamento na actualidade. Realízase da seguinte maneira:

Esta proba desarróllase sobre un recorrido que inclúe dúas postas de nadar surf, dúas postas de carreira con táboa de salvamento e dúas postas de ski. Os equipos estarán formados por seis compoñentes, tres masculinos e tres femininos.

O orde dos deportistas é indiferente, realizando cada un deles un recorrido. O último competidor, unha vez terminado o seu recorrido establecido, para terminar deberá esprintar ata rebasar a línea de meta. Os cambios de cada posta deberán facerse coma no relevo taplin, esprintando ata o seguinte deportista e mantendo contacto con el para que saia.

A orde das postas será determinado por sorteo na reunión previa o campionato.

Non cumprir calquera destas dúas situacións supón a descalificación do equipo.

Todos os matices das saídas, relevo e remolque seguirán o reflectido ao respecto no Regulamento Técnico de Competición da RFESS.

## PREMIACIÓN

Entregarase medalla aos primeiros clasificados en cada proba en cada categoría e sexo.

Entregarase trofeo conmemorativo aos clubs situados nas tres primeiras posicións na suma total de puntos dos equipos que acaden mellores posicións en cada proba e categoría. O club que acade a primeira posición queda proclamado coma GANADOR DO MEMORIAL CARLOS SERVANDO 2016.



**SYSCA**